

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

12117 Orde ESS/1924/2016, do 13 de decembro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2014-2020.

O Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, establece disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, establece disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derroga o Regulamento (CE) n.º 1083/2006 do Consello.

Pola súa parte, o Regulamento (UE) n.º 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Social Europeo e que derroga o Regulamento (CE) n.º 1081/2006, do 5 de xullo de 2006, establece as misións, o ámbito de aplicación e as disposicións específicas do Fondo Social Europeo, incluída a Iniciativa de Emprego Xuvenil.

O artigo 65.1 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, dispón que a subvencionabilidade do gasto se determinará sobre a base de normas nacionais, salvo que no citado regulamento ou nas normas específicas dos fondos, ou baseándose neles, se establezan normas específicas.

Ao abeiro da citada disposición, establécese a presente norma sobre a subvencionabilidade dos gastos do Fondo Social Europeo no Reino de España, sen prexuízo das normas sobre esta materia aprobadas no ámbito da Unión Europea.

Esta orde recolle, xunto cos criterios xerais de subvencionalidade, criterios específicos que deben cumprir determinados gastos para poderen ser obxecto de cofinanciamento con cargo ao Fondo Social Europeo e, se for o caso, á Iniciativa de Emprego Xuvenil.

Dítase de conformidade co establecido no artigo 61.a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que atribúe aos ministros o exercicio da potestade regulamentaria nos termos previstos na lexislación específica; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 1.1 e na disposición derradeira primeira do Real decreto 683/2002, do 12 de xullo, polo que se regulan as funcións e procedementos de xestión da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo, e no artigo 4 do Real decreto 343/2012, do 10 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Na tramitación desta orde emitiron informe a Avogacía do Estado e a Intervención Delegada da Intervención Xeral do Estado no departamento.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

Esta orde será de aplicación aos gastos en que se incorreu na execución das operacións e proxectos dos programas operativos do Reino de España cofinanciados polo Fondo Social Europeo (en diante, «FSE»), incluída a Iniciativa de Emprego Xuvenil, durante o período de programación 2014-2020.

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos da presente orde, entenderase por:

1. «Custos directos»: aqueles custos que sexan inequivocamente identificables cunha actividade subvencionada e cuxo nexos con tal actividade se poida demostrar de maneira indubidable.

2. «Custos indirectos»: aqueles custos que, aínda que non se poidan vincular directamente coa actividade subvencionada, son necesarios para a súa execución. Dentro dos custos indirectos inclúense tanto aqueles que son imputables a varias actividades específicas, sexan ou non todas elas subvencionables, como aqueles custos xerais de estrutura dunha entidade que, sen seren imputables a unha actividade subvencionada concreta, son necesarios para que esta se leve a cabo.

3. «Custos de persoal»: aqueles custos derivados dun acordo entre o empregador e o empregado, incluída a relación estatutaria dos empregados públicos definidos no artigo 8 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, que comprendan a remuneración aboada en troca do traballo prestado, incluídos impostos e cotizacións dos traballadores e cotizacións a cargo do empresario.

Conforme o anterior, considerárase custo de persoal todo pagamento que retribúa o traballo efectivo, incluídas aquelas cantidades pactadas no contrato de traballo ou en convenio colectivo ou recollidas na normativa vixente, sempre que formen parte da remuneración recibida polo desempeño da actividade contractualmente acordada ou estatutaria que sexa obxecto de financiamento polo FSE.

4. «Subcontratación»: aqueles casos en que o beneficiario dunha operación subvencionada concerta con terceiros a súa execución total ou parcial. Quedan fóra deste concepto as contratacións que leve a cabo o beneficiario para realizar por si mesmo a operación subvencionada.

Artigo 3. *Formas das subvencións e da asistencia reembolsable.*

As subvencións e a asistencia reembolsable poderán revestir calquera das seguintes formas:

1. Reembolso de gastos reais, entendendo por tales os gastos subvencionables en que o beneficiario incorrese efectivamente e realmente aboase.

Consideraranse incluídas neste concepto as amortizacións e as contribucións en especie de conformidade cos requisitos establecidos nesta norma.

2. Reembolso de gastos calculados mediante opcións de custos simplificados que revistan a forma de baremos estándar de custos unitarios, importes a tanto global que non superen os 100.000 euros de contribución pública, ou financiamento a tipo fixo determinado mediante a aplicación dunha porcentaxe a unha ou varias categorías definidas de custos.

Estes gastos poderán ser subvencionables sempre que cumpran os criterios definidos nos artigos 67 e 68 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e no artigo 14 do Regulamento (UE) 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

Artigo 4. *Criterios xerais de subvencionalidade.*

1. Os gastos subvencionables polo FSE deberán corresponder de maneira indubidable con operacións seleccionadas pola autoridade de xestión ou, se for o caso, polos organismos intermedios do programa operativo de que se trate, de conformidade cos criterios establecidos polo comité de seguimento e cos obxectivos específicos e os resultados esperados previstos no dito programa.

2. O gasto será subvencionable cunha contribución do FSE se o beneficiario incorreu nel e o aboou entre o 1 de xaneiro de 2014 e o 31 de decembro de 2023. No caso da Iniciativa de Emprego Xuvenil este período iníciase o 1 de setembro de 2013.

3. Non serán subvencionables os seguintes gastos:

a) Os xuros de débeda, excepto no caso de subvencións concedidas en forma de bonificacións de xuros ou subvencións de comisións de garantía.

b) Os investimentos en inmovilizado material e inmovilizado intanxible, segundo se definen no cadro de contas do Plan xeral de contabilidade aprobado polo Real

decreto 1514/2007, do 16 de novembro, así como no Plan xeral de contabilidade pública, aprobado pola Orde EHA/1037/2010, do 13 de abril.

c) A compra ou o desenvolvemento de aplicacións informáticas cando o seu tratamento contable sexa o propio dun investimento, salvo que a súa imputación se realice con cargo ao eixe de asistencia técnica.

d) O imposto sobre o valor engadido, así como outros tributos e taxas, de tipo nacional, autonómico ou local, cando sexan recuperables conforme a lexislación aplicable.

e) Os xuros de demora, as recargas e as sancións administrativas e penais.

f) Os gastos derivados de procedementos xudiciais.

4. Queda excluída a posibilidade de financiamento complementario entre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e o Fondo Social Europeo prevista no artigo 98 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, salvo que no texto do programa operativo correspondente se prevexan de maneira expresa as actuacións cuxos custos entrarían dentro do ámbito de aplicación do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

Artigo 5. *Criterios específicos de subvencionalidade.*

1. Custos de persoal.

a) Serán subvencionables en concepto de custos de persoal:

1.º As retribucións brutas pactadas coa empresa ou establecidas en convenio colectivo. Inclúense neste concepto as percepcións salariais seguintes: o salario base, os complementos por antigüidade, os complementos por coñecementos especiais, complemento por traballo a quendas, nocturnidade, penosidade ou outros complementos derivados da actividade, as pagas extraordinarias, os incentivos á produción, as horas extraordinarias e os complementos de residencia.

2.º As percepcións extrasalariais pactadas coa empresa ou establecidas en convenio colectivo para os conceptos de complemento de distancia e transporte, aboadas pola empresa aos traballadores para os efectos de minorar ou sufragar o seu desprazamento até o centro de traballo habitual.

3.º A indemnización por finalización do servizo prestado que se regula no artigo 49.1.c) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, cando o servizo estea vinculado á operación cofinanciada polo FSE.

4.º As cotizacións sociais e impostos a cargo do traballador e a Seguridade Social a cargo da empresa.

En relación cos gastos relativos ás cotizacións sociais, para o cálculo do importe elixible deberase descontar o importe correspondente ás bonificacións ou reducións que poidan estar asociadas ao pagamento desa cotización.

5.º Os custos de persoal que formen parte da prestación de servizos externos, sempre que na factura emitida polo fornecedor dos servizos se identifique claramente a parte correspondente a custos de persoal.

b) Sen prexuízo da súa subvencionabilidade por outros conceptos, non serán subvencionables como custos de persoal os seguintes:

1.º A percepción salarial correspondente á participación en beneficios.

2.º As prestacións en especie, as axudas de custos por viaxes, aloxamento e manutención, así como o resto de percepcións extrasalariais distintas das mencionadas na anterior alínea a).

3.º As indemnizacións e salarios aboados en beneficio dos participantes en operacións do FSE.

c) Para calcular os custos de persoal terase en conta só o tempo efectivo dedicado á operación FSE, incluíndo as vacacións, os días de libre disposición ou o tempo de asistencia a cursos de formación relacionados co posto de traballo, sempre que o seu desempeño teña conexión coa operación FSE.

No caso de dedicación parcial ás actividades subvencionadas, as vacacións e días de libre disposición deberanse imputar *pro rata* entre o tempo total traballado e o tempo dedicado aos proxectos obxecto de financiamento polo FSE.

Para estes efectos, non se deben computar as situacións con dereito a retribución nas cales non se presta servizo efectivo como as ausencias ou as incapacidades temporais, nin as situacións recollidas no artigo 37.3 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro. Neses casos, do importe dos gastos de persoal reembolsables deberase excluír tamén a parte proporcional das cotizacións á Seguridade Social que proceda.

d) A aplicación das opcións de custos simplificados que toman como base de cálculo os custos de persoal só se poderá realizar se tales custos teñen a consideración de custos directos de persoal, de acordo coa definición de custo directo do artigo 2.1 desta norma.

2. Custos indirectos. Os custos indirectos só serán subvencionables no caso de que a súa xustificación se realice mediante algunha das opcións de custos simplificados sinaladas no artigo 3.2 desta norma.

3. Contribucións en especie. As contribucións en especie en forma de provisión de obras, bens, servizos, terreos e bens inmobles polos cales non se tivese efectuado ningún pagamento en efectivo documentado con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente serán subvencionables sempre que cumpran os criterios definidos no artigo 69.1 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

4. Gastos de amortización. Os gastos de amortización dos bens inventariables utilizados na execución dunha operación serán subvencionables sempre que cumpran os criterios definidos no artigo 69.2 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

5. Gastos financeiros e legais.

a) Os gastos financeiros distintos dos sinalados no artigo 4.3 desta norma, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals, os gastos periciais, os gastos de garantías bancarias ou doutras institucións financeiras serán subvencionables cando sexan exixibles pola normativa estatal, autonómica ou local para o desenvolvemento da operación.

b) Nos casos en que a execución dunha operación requira a apertura dunha ou varias contas separadas, serán subvencionables os gastos de apertura e mantemento destas contas.

6. Arrendamento financeiro.

a) Nun contrato de arrendamento financeiro serán subvencionables os pagamentos aboados polo arrendatario ao arrendador con excepción dos xuros debedores. Non serán subvencionables outros custos ligados ao contrato de arrendamento financeiro, especificamente o exercicio da opción de compra, a marxe do arrendador, seguros e xuros de custos de refinanciamento.

b) No que respecta aos impostos vinculados ao arrendamento financeiro, terase en conta o establecido no artigo 4.3 desta norma.

7. Subcontratación. A subcontratación, segundo se define no artigo 2 da presente norma, deberase someter ao establecido no artigo 227 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou, en caso de non se encontrar dentro do seu ámbito de aplicación, ao establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e deberase poder acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos nestas disposicións.

8. Asistencia técnica.

a) Conforme os tipos de actuacións de asistencia técnica definidos nos programas operativos correspondentes, serán subvencionables por este concepto os gastos en que se incorreu nas actividades de preparación, xestión, seguimento e avaliación, información e comunicación, creación e participación en redes, atención e resolución de reclamacións, control e auditoría dos programas operativos.

b) Así mesmo, serán subvencionables os gastos derivados das accións dirixidas a reducir a carga administrativa dos beneficiarios, en especial, os sistemas de intercambio electrónico de datos, e a reforzar a súa capacidade administrativa para a mellor utilización dos recursos do FSE.

9. Operacións fóra da zona de intervención do programa operativo. O FSE poderá financiar gastos ocasionados por proxectos que teñan lugar fóra da zona de intervención do programa sempre que se cumpran as condicións establecidas no artigo 13.2 e 3 do Regulamento (UE) n.º 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

Artigo 6. *Documentación xustificativa dos gastos.*

1. Xustificación de gastos reais.

a) Os gastos reais, segundo se definen no artigo 3.1 da presente norma, deberán acreditarse mediante facturas pagadas ou documentos contables de valor probatorio equivalente. Nos casos en que así se indique noutras disposicións da presente norma, exixirase, con carácter adicional, a documentación xustificativa especificamente sinalada nesas disposicións.

Cando os gastos reais correspondan a gastos directos de persoal, deberá existir unha adecuada acreditación das horas efectivamente dedicadas e imputadas aos proxectos.

No caso de gastos de persoal que formen parte da prestación de servizos externos, a súa acreditación realizarase mediante a factura emitida polo fornecedor dos servizos, na cal se deberá identificar claramente por separado o custo do persoal externo participante.

b) Cando na execución dunha operación se utilicen procedementos de licitación, os gastos realizados no marco deses procedementos xustificaranse mediante as facturas pagadas emitidas conforme o estipulado nos contratos.

Para estes efectos, considérase que existe licitación cando resulte de aplicación a normativa de contratación pública ou, en caso de non se encontrar dentro do seu ámbito de aplicación, cando se cumpra co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

c) Con carácter específico, cando a execución dunha operación se realice ao abeiro dun convenio dos establecidos no artigo 4.1.c) e d) do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ademais da acreditación dos gastos reais, deberá existir un informe do servizo xurídico competente, de conformidade co indicado polo artigo 50.2.a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2. Xustificación de gastos calculados mediante opcións de custos simplificados. Os gastos calculados mediante opcións de custos simplificados, no sentido do artigo 3.2 da presente norma, deberán xustificarse atendendo aos criterios seguintes:

a) Documentación xustificativa. A documentación necesaria para xustificar adecuadamente os gastos calculados mediante opcións de custos simplificados será a seguinte:

1.º A descrición do método de cálculo, as fontes dos datos utilizados para o cálculo e o propio cálculo realizado, no caso en que proceda, conforme os artigos 67 e 68 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de

decembro de 2013, e o artigo 14 do Regulamento (UE) 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

2.º A acreditación da correcta aplicación do método de cálculo en función da realidade das cantidades declaradas e os produtos ou resultados.

Cando se utilicen opcións de custos simplificados que revistan a forma de baremos estándar de custos unitarios ou importes a tanto global, non existirá obrigação de xustificar os custos reais das categorías de gastos cubertas polos custos simplificados.

No caso de financiamento a tipo fixo, só se deberá xustificar o custo real subvencionable que se tomase como base para o cálculo. Se o custo que se tomou como base para o cálculo corresponde a un custo calculado mediante outras opcións de custos simplificados, será de aplicación o establecido no ordinal 1.º desta alínea a).

b) Acreditación dos métodos. Os métodos que se vaian utilizar en aplicación das opcións de custos simplificados deberán cumprir o seguinte:

1.º A base para calcular os custos deberá ser clara e referirse a algunha das formas detalladas no artigo 67. 5 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

2.º As opcións de custos simplificados deberanse recoller por adiantado no documento que estableza as condicións da axuda. Así mesmo, nese documento deberase informar adecuadamente aos beneficiarios do sistema de simplificación establecido.

Disposición transitoria única. *Réxime dos gastos previos a esta norma.*

Os gastos en que se incorreu na execución das operacións antes da entrada en vigor desta norma rexeranse polas disposicións establecidas nos artigos 65 a 71 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 e polos artigos 13 e 14 do Regulamento (UE) n.º 1304/2013, ambos do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, así como polo resto de normas aplicables, tanto de ámbito nacional como europeo, que estiveren vixentes no momento de entrada en vigor desta orde.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento e aplicación.*

Autorízase a Unidade Administradora do FSE para elaborar as instrucións e orientacións necesarias que garantan a correcta aplicación das normas en materia de subvencionabilidade de gastos polo FSE, así como para establecer prazos de presentación de documentos por parte dos organismos intermedios dos programas operativos, e dos beneficiarios baixo responsabilidade directa da autoridade de xestión, para os efectos da elaboración das solicitudes de pagamento á Comisión Europea.

Disposición derradeira segunda. *Aplicabilidade ao Fondo de Axuda Europea para as Persoas máis Desfavorecidas.*

O disposto na presente norma será de aplicación á subvencionabilidade dos gastos do Fondo de Axuda Europea para as Persoas máis Desfavorecidas, con carácter supletorio das disposicións en materia de subvencionabilidade establecidas no Regulamento (UE) n.º 223/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de marzo de 2014, relativo ao Fondo de Axuda Europea para as Persoas máis Desfavorecidas.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 13 de decembro de 2016.–A ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez García.